F/2016/756	FE15321191262854	24/12/2015	621,36	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA DEPURADORA EN AVDA. DO MAR, 43 DE 30.10. A 27.11.15	160 22100
F/2016/758	FE15321191317191	28/12/2015	979,74	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO AVDA. MAR 9704 DE 30.10 A 27.11.15	165 22100
F/2016/759	FE15321191380117	28/12/2015	1070,38	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO LG. XUNQUEIRA 9705 DE 28.11.15 A 23.12.15	165 22100
F/2016/760	FE15321191580207	29/12/2015	282,67	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA PARQUE DE EDUCACION VIARIA DE BARALLOBRE DE 01.12 A 24.12.15	342 22100
F/2016/761	FE15321191580208	29/12/2015	181,72	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO NA ARMADA 55 DE 28.11.15 A 24.12.15	165 22100
F/2016/762	FE15321191580209	29/12/2015	279,18	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO RUA CARDENAS POLIGONO. DE 28.11 A 23.12.15	165 22100

D-0
09€
051
-d
:F
TC

F/2016/763	FE15321191580210	29/12/2015	191,7	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO RUA PEDRE 9700 DE 01.12.15 A 24.12.15	165 22100
F/2016/764	FE15321191580215	29/12/2015	127,85	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ESCOLA DO CARRIL DE 01.10 A 14.12.15	323 22100
F/2016/765	FE15321191580216	29/12/2015	51,34	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO RIBEIRA MANIÑOS DE 28.11 A 24.12.15	165 22100
F/2016/766	FE15321191580217	29/12/2015	3518,01	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA PIA MUNICIPAL DE 28.11.15. A 24.12.15	342 22100
F/2016/767	FE16321191775884	04/01/2016	1181,96	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO LG. DE CHAMOSO 9703 DE 29.10 A 22.12.15	165 22100
F/2016/768	FE16321191859780	05/01/2016	963,74	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ESCOLA DA XUNQUEIRA. AVDA. MAR DE 28.11 A 24.12.15	323 22100
F/2016/769	FE16321191859781	05/01/2016	506,68	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ESCOLA DA ARMADA DE 28.11 A 24.12.15	323 22100
F/2016/770	FE16321191859782	05/01/2016	312,17	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO LG. PEIRAO DE 28.11 A 24.12.15	165 22100
F/2016/771	FE16321192177303	08/01/2016	1331,45	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO DEW LOIRA 9700 DE 10.10 A 22.12.15	165 22100
F/2016/772	FE16321192177304	08/01/2016	1556,08	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO DE AVDA. TARRIO 9700 DE 16.10 A 11.12.15	165 22100
F/2016/773	FE16321192787599	15/01/2016	6129,92	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA DEPURADORA DE RIVEIROA DE 01.12 A 31.12.15	160 22100
F/2016/774	FE16321193919260	28/01/2016	698,27	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO RUA POMBAL DE 01.07 A 29.08.15	165 22100
F/2016/775	FE16321193919261	28/01/2016	134,59	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,SA	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO RUA POMBAL DE 30.08 A 31.10.15	165 22100
F/2016/785	01150911580047	01/10/2015	127,22	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO RUA PETEIRO DE 27.08 A 28.09.15	165 22100
F/2016/786	01150911597134	01/10/2015	59,77	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO LG. BUYO DE 27.08 A 28.09.15	165 22100

F/2016/787	01150911585451	01/10/2015	24,26	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO LG. REDONDO DE 27.08 A 28.09.15	165 22100
F/2016/788	01150911585452	01/10/2015	17,32	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO RUA SANTA ANA DE 27.08 A 28.09.15	165 22100
F/2016/789	01150911581103	01/10/2015	81,05	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	ENERXIA ELECTRICA PARA CASETA DE ANTENA EN MARRAXON, 2 DE 27.08 A 28.09.015	933 22100
F/2016/790	01150911583182	01/10/2015	56,69	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO LG. MARRAXON 5 DE 273.08 A 28.09.15	165 22100
F/2016/791	1150911585449	01/10/2015	37,58	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO LG. RAÑOIA 6 DE 207.08.15 A 28.09.15	165 22100
F/2016/792	01150911585450	01/10/2015	17,45	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	ENERXIA ELECTRICA ALUMEDADO PUBLICO CAMIÑO VOLTA DE VILANOVA 8 DE 27.08 A 28.09.15	165 22100
F/2016/793	01150911620852	02/10/2015	6,11	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO LG. CORNIDE. DE 28.08 A 29.09.15	165 22100

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

En Fene, a 28 de abril de 2016.

O ALCALDE

Juventino J. Trigo Rey"

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros, quedando aprobada a antedita proposta nos seus termos.

9. Aprobación, se procede, da proposta de inicio do expediente de revisión de oficio das Resolucions da alcaldía núm. 1242/2013 e 229/2016

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Organización e Seguridade do 27.04.2016 por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 04.03.2013 mediante resolución de alcaldía núm. 245/2013 acordouse o pase de Xosé Manoel Saavedra Bermúdez, policía local deste concello, á situación administrativa de segunda actividade pola diminución das condicións psicofísicas para o desempeño da función policial. Así mesmo, acordouse que as funcións a desempeñar a partir da dita situación administrativa serían de tipo administrativo de apoio á actividade policial ou relacionadas con esta, sen que tales funcións implicaran actuacións policiais operativas.

O 27.09.2013 Xosé Manoel Saavedra Bermúdez solicita que se lle autorice a realizar as súas funcións sen necesidade de levar o uniforme regulamentario.

O 07.11.2013 mediante resolución de alcaldía núm. 1242/2013 denégóuselle a súa solicitude por estar o funcionario incluído no corpo da Policía local deste concello, tendo encomendadas funcións de tipo administrativo de apoio á actividade policial ou relacionadas con esta.

O 20.11.2013 Xosé Manoel Saavedra Bermúdez presenta recurso de reposición contra a resolución de alcaldía núm. 1242/2013.

O 01.03.2016 mediante resolución de alcaldía núm. 229/2016, e de conformidade co artigo 6.2 do Decreto 60/2010, de 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos, estímase o recurso de reposición interposto polo policía local Xosé Manoel Saavedra Bermúdez de xeito que se lle autoriza a prestar as funcións que ten encomendadas sen necesidade de levar o uniforme regulamentario.

O 08.03.2016 Juan Jose Sanmartin González, oficial xefe da policía local do Concello de Fene, presenta un escrito onde ponde manifesto que o artigo 6.2 do decreto 60/2010 foi declarado nulo polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sentenza 420/2012 do 26.04.2012, que sinala que o órgano competente para autorizar a dispensa de levar o uniforme regulamentario é o Delegado do Goberno conforme ós artigos 41.3 e 52.3 da Lei Orgánica 2/1986 de forzas e corpos de seguridade do Estado.

Polo anterior, as resolucións de alcaldía núm. 1242/2013 e 229/2016 incorren nun suposto nulidade de pleno dereito (artigo 62.b) da Lei 30/1992 "*Los dictados por órgano manifestamente incompetente por razón de la materia o del territorio*").

O artigo 102.1 da Lei 30/1992 establece o que segue respecto da revisión de actos: "*Las Administraciones públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 62.1*".

Logo de ver canto antecede, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Iniciar expediente de revisión de oficio das resolucións de alcaldía núm. 1242/2013 e 229/2016, relativas á petición de Xosé Manoel Saavedra Bermúdez de realizar as súas funcións sen necesidade de levar o uniforme regulamentario, por incorrer nun suposto de nulidade de pleno dereito ao ser ditadas por un órgano incompetente por razón da materia.

SEGUNDO.- Conceder un prazo de audiencia de 10 días hábiles a Xosé Manoel Saavedra Bermúdez e Juan Jose Sanmartin González aos efectos de que presente as alegacións e documentos que estime pertinentes.

TERCEIRO.- A instrución do expediente farase conforme ás normas do procedemento administrativo común, nomeándose, ao efecto, instrutora do expediente á concelleira dona Alejandra Permuy Meizoso.

CUARTO.- Ultimada a instrución e elaborada a correspondente proposta de resolución, remitiranse as actuacións ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia, para a emisión do preceptivo ditame.

Fene, 21 de abril de 2016
O alcalde
Juventino José Trigo Rey"

Abre o debate o alcalde que di que o expediente de revisión das dúas resolucións, unha do 2013 e outra do 2016, porque non son quen de resolver en tanto non haxa autorización previa doutras administracións.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que o que está claro é que hai dúas resolucións totalmente contraditorias e hai un informe xurídico emitido que di que as dúas resolucións foron ditadas por un órgano manifestamente

incompetente, por iso, segundo se falou na Comisión, pensa que o razoable é non dar inicio a este procedemento de momento. Anuncia que votarán en contra deste procedemento ata que a Subdelegación do Goberno e o Consello Consultivo emitan os correspondentes informes. Pensa que isto non ten ningunha présa e que neste momento non procede iniciar o expediente e si deixalo sobre a mesa á espera dos informes. Di que non pode estar de acordo coa Resolución 229/2016 porque vai totalmente en contra da 1242/2013 e tamén levar adiante a executividade deste acto administrativo parécelle un pouco precipitado. Propón que quede sobre a mesa en tanto non veñan os informes preceptivos.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que entende que as présas non deben resolver o expediente, pero, en todo caso, os ritmos para resolvelo é un criterio do goberno e da concellería responsable, criterio que no seu día o seu grupo compartiu e apoiaron a resolución que se ditou; de todos os xeitos, hai que adoptar antes ou despois unha resolución. Respecto a cando e como di que nestes momentos seguen a apoiar a proposta da concelleira delegada e deixa ao seu criterio se estima convinte calquera outra cousa. Non obstante, anúncialle á concelleira delegada que conta co apoio do seu grupo para sacar a proposta adiante neste Pleno.

A continuación o alcalde di que con independencia do que digan outras administracións, é interesante solucionar este expediente, xa que respecto dunha como noutra resolución, haberá que iniciar este expediente. Por iso pensa que isto hai que solucionalo canto antes e tan axiña como veña o pronunciamento da Subdelegación do Goberno, retomarán o asunto para facer a nova Resolución da alcaldía que terá que ser adaptada ao que digan.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que non entende as présas porque a executividade do acto está aí, a persoa á que lle afecta xa viste de paisano e estase dando présas a algo que é, cando menos discutible, porque no seu día o seu goberno ditou unha resolución acorde á lei, deixando a un lado se o órgano é competente ou non, e agora ditase outra resolución na que se di que aínda que por silencio administrativo negativo a solicitude está denegada se procede á revisión porque a Administración ten a obriga de resolver, o que é ir contra o silencio administrativo negativo. Daquela este silencio administrativo negativo puido ser recorrido por parte da persoa interesada e puido ser presentado ante o contencioso-administrativo se o considerase convinte e non deixar pasar todo este tempo. Logo ditouse outra resolución, polo mesmo órgano, no sentido totalmente contrario

Mantén que isto non ten sentido, que non ten tanta présa e que se debe agardar a que resolva o órgano competente.

De seguido intervén o alcalde que di que logo de consultar cos técnicos competentes se dixo que isto é o que hai que facer, ademais o goberno así o pensa e, por iso, contestóuselle ao recurso interposto no seu día e optouse na Resolución núm. 299/2016 por darlle a razón ao interesado. Posteriormente houbo outro recurso dunha terceira persoa que é a que di que non hai competencia para resolver esta resolución sen ter previamente os informes que se piden, por iso inician estes trámites e logo de que a Subdelegación do Goberno informe, logo volverase a resolver segundo corresponda. Remata dicindo que por todo isto seguirán adiante co expediente.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que ademais do dito tamén hai un terceiro interesado, alguén que alega en sentido contrario á última Resolución da alcaldía núm. 299/2016, o que reforza a súa postura de que cómpre esperar porque pode recorrer.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista, 2 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo mixto municipal) e 7 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Iniciar expediente de revisión de oficio das resolucións de alcaldía núm. 1242/2013 e 229/2016, relativas á petición de Xosé Manuel Saavedra Bermúdez de realizar as súas funcións sen necesidade de levar o uniforme regulamentario, por incorrer nun suposto de nulidade de pleno dereito ao ser ditadas por un órgano incompetente por razón da materia.

SEGUNDO.- Conceder un prazo de audiencia de 10 días hábiles a Xosé Manuel Saavedra Bermúdez e Juan José Sanmartín González aos efectos de que presenten as alegacións e documentos que estimen pertinentes.

TERCEIRO.- A instrución do expediente farase conforme ás normas do procedemento administrativo común, nomeándose, ao efecto, instrutora do expediente á concelleira dona Alejandra Permuy Meizoso.

CUARTO.- Ultimada a instrución e elaborada a correspondente proposta de resolución, remitiranse as actuacións ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia, para a emisión do preceptivo ditame.

10. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede da modificación da solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña presentada o 17.12.2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que queda incluída na orde do día, logo da ratificación da súa inclusión pola unanimidade dos concelleiros:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 17.12.2015 o Concello de Fene solicitou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, solicitando a aplicación da achega provincial ao financiamento dos seguintes investimentos:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Saneamento subida a Lagarteira-Orra-Rañoa (Sillobre)	139926,36 €	-	139926,36 €
Pavimentacións varias en Barallobre e Maniños e alumeadado público no entorno da pista polideportiva	42.226,52 €	-	42.226,52 €
Pavimentacións da Estrada de Laraxe desde Areosa (Limodre)	30.035,07 €	-	30.035,07 €
Acondicionamento e mellora da rúa Travesa	36.840,02 €	-	36.840,02 €
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	249.027,97 €	-	249.027,97 €

Vista a posibilidade de aproveitar o financiamento das posibles baixas que se poidan producir na adxudicación dos contratos de obras para destinar ao financiamento de gastos correntes.

Visto o informe de intervención sobre a previsión de gastos correntes 2016 de 25.04.2016

Tendo en conta o anterior, propónse que o Pleno do Concello ACORDE:

Solicitar unha modificación da solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña presentada o 17.12.2015 do seguinte xeito:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Saneamento subida a Lagarteira-Orra-Rañoa (Sillobre)	118.937,41 €	20.988,95 €	139.926,36 €
Pavimentacións varias en Barallobre e Maniños e alumeados públicos no entorno da pista polideportiva de Magalofes	35.892,54 €	6.333,98 €	42.226,52 €
Pavimentacións da Estrada de Laraxe desde Areosa (Limodre)	25.529,81 €	4.505,26 €	30.035,07 €
Acondicionamento e mellora da rúa Travesa	31.314,02 €	5.526,00 €	36.840,02 €
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	211.673,78 €	37.354,19 €	249.027,97 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	37.354,19 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	37.354,19 €

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	211.673,78 €	37.354,19 €	249.027,97 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	37.354,19 €		37.354,19 €
T O T A L	249.027,97	37.354,19 €	286.382,16 €

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Fene, 25 de abril de 2016

O alcalde

Juventino José Trigo Rey”

No turno de intervencións, toma a palabra o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que di que se trata dunha reforma do POS en canto á dedicación dos fondos e o financiamento das obras, consiste en introducir en cada un dos proxectos de obras un financiamento municipal do 15% e destinar o resto dos cartos a gasto corrente. O goberno pretende con esta reforma que as baixas que se poidan producir na licitación das devanditas obras vaian primeiro a achega municipal e poder así recuperar estes cartos para que revertan directamente no Concello de Fene.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Solicitar unha modificación da solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña presentada o 17.12.2015 do seguinte xeito:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Saneamento subida a Lagarteira-Orra-Rañoa (Sillobre)	118.937,41 €	20.988,95 €	139.926,36 €
Pavimentacións varias en Barallobre e Maniños e alumeado público no entorno da pista polideportiva de Magalofes	35.892,54 €	6.333,98 €	42.226,52 €
Pavimentacións da Estrada de Laraxe desde Areosa (Limodre)	25.529,81 €	4.505,26 €	30.035,07 €
Acondicionamento e mellora da rúa Travesa	31.314,02 €	5.526,00 €	36.840,02 €
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	211.673,78 €	37.354,19 €	249.027,97 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	37.354,19 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	37.354,19 €

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	211.673,78 €	37.354,19 €	249.027,97 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	37.354,19 €		37.354,19 €
TOTAL	249.027,97 €	37.354,19 €	286.382,16 €

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

11. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha.

12. Rogos e preguntas

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Díxose que cando chegase o bo tempo íanse facer obras de reparación do firme do aparcamento de San Valentín e o bo tempo xa o houbo esta semana, por iso quere saber que previsións hai para este arranxo.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que ata agora non veu o bo tempo. Hai un número importante de camiños e de aparcamentos nos que é importante actuar e nos cales o tipo de actuación será semellante ao que se solicita. Nestes momentos estase atendendo co traballo directo do persoal do Concello segundo unhas prioridades establecidas. Xa se interveu nun par de camiños e seguirase o plan de traballo durante os vindeiros días.

- Propúxose a suspensión temporal para as obras da rúa Unión. Roga que se lles informe do motivo. Contéstalle o alcalde que a suspensión vén debida a que Augas de Galicia dixo que había que facer a obra co nivel da auga máis baixo e segundo dixeron o tempo para facela é entre o 1 de xullo e o 30 de setembro. Por iso hai que retrasar a obra ata aquela.

- Houbo algún problema coa potabilidade da auga? Comprobou que entrou no rexistro algún escrito da Xunta de Galicia ao respecto.

Contéstalle o alcalde que se recibiu unha análise de Sanidade dunha toma que foi feita nunha toma de rego de San Valentín e pola que se deu un prazo para facer unha contraanálise, que xa foi feita. Falouse cos técnicos da Consellería que recoñeceron que a toma foi feita nunha boca de rego do solo, por iso os resultados da contraanálise foron correctos e non houbo ningún problema.

- Roga que se lles facilite copia dos escritos e das sinaturas dos veciños de San Valentín en relación coa mala conservación que está a ter o barrio de San Valentín.

- Hai tempo que teñen solicitado que se lles conteste por escrito a unha serie de cuestións e se lles facilite unha serie de documentación que aínda non recibiron.

Contéstalle o alcalde que hai algunha cousa pendente que se lles contestará en breve.

- Respecto do mantemento do polígono Vilar do Colo, veu que se está iniciando algunha tarefa de mantemento, pero reitera o que xa dixo hai dous meses en relación á saída do polígono cara á Capela e a N-VI que presenta un estado lamentable, así como outras zonas. Non obstante esta zona é especialmente grave porque inflúe na seguridade vial; as silvas xa chegan a estrada e as beirarrúas están intransitables.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que os temas de electricidade do alumeadado público xa están solucionados e nestes momentos están en funcionamento todos os farois do polígono, nos que houbo sen substituír máis de 30 dos que boa parte delas non duraron máis dun ano debido a que a última reposición se fixo con material de pésima calidade. Tendo en conta o custe da instalación respecto do custe dos elementos de substitución, no seu momento non debeu ser demasiada boa inversión, xa que por gastar cinco euros menos agora resulta que houbo que volver gastar vinte na súa instalación. Respecto da limpeza das "reixillas" limitouse a unha soa e este traballo xa está encargado para facer nos vindeiros días. Respecto das tapas da rede de sumidoiros, que levan máis dun ano sen repoñer, estanse elaborando nestes momentos polo persoal de soldadura do Concello. Respecto dos traballos de limpeza xa se fixo nos viais propiedade do concello, que son os viais auxiliares e solicitouse permiso á administración correspondente para proceder á limpeza da vía central. Salienta que a saída cara á Capela, rotonda engadida, pertence ao Concello de Cabanas.

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, dille que iso non é así, que se ten que informar.

Prosegue a dicir o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que cando menos, non se corresponde co deslinde que fixo a unidade técnica e dille ao voceiro do grupo municipal do PP que se ten outra opinión supón que a unidade técnica non terá ningún problema en esclarecerllo.

D-0
096
150
P-
F:
C1

- Di que saíron as subvencións da Deputación para a contratación de técnicos deportivos e viu que Fene non solicitou nada. Quere saber cal é o motivo e se o goberno considera que os servizos están suficientemente cubertos?

Contéstalle o concelleiro de Deportes, Participación e Información Cidadá, Transparencia e Comunicación, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que teñen pedidas subvencións á Deputación por 50.000 euros para as escolas nas que se inclúe material. Non considera oportuno e non necesitan contratar ningún técnico máis porque a herdanza da diversificación deportiva que veu da anterior lexislatura é tan escasa que non precisan agora mesmo ningún técnico máis. Espera que para a vindeira tempada teñan máis especialidades deportivas e polo tanto precisen moitos máis técnicos.

- Respecto da sentenza da depuradora de Maniños que confirmou o TSX que ordena o baleirado de lodos e o acondicionamento da zona, quere saber se se fixo algo coa empresa Aquagest para que comece o cumprimento desta sentenza ou vai haber que cumprila ao seu custe. Lembra que tanto o xuíz do contencioso-administrativo como o da instancia superior lle deron a razón á Resolución ditada pola alcaldía deste Concello e cando foi o inicio deste expediente non contou, daquela, co apoio da oposición. Espera que agora a oposición, que agora é goberno, axilice os trámites como para que dunha vez por todas se acabe con esta instalación. Roga que se vixie ben á empresa porque tiña permiso para o baleirado da auga no que é a nova depuradora e que o problema proviña do tratamento dos lodos porque cabe que non os aspiren ben todos.

Contéstalle o alcalde que logo da sentenza xa houbo contactos coa empresa, que xa presentou un documento para comezar co baleirado das obras e que contén un informe emitido polo concello no seu día que sinalaba ata canto tiñan que retirar.

- Quere saber cal é a colaboración do Concello coas lavandeiras porque se vai celebrar este sábado e semella que aínda non hai ningunha concreción orzamentaria para este evento.

Contéstalle a concelleira delegada de Cultura e Ensino, Amalia García Balado, que na xuntanza que houbo o mes pasado se lles comunicou que este ano o concello ía colaborar coa organización pagándolles o seguro de prevención.

- Quere saber por que motivo segue sen presentarse o borrador dos orzamentos? Os fallos informáticos do peche da liquidación non lle impide aos tres grupos que forman o goberno que leven a cabo a súa negociación e concreten un borrador, con traslado á oposición, do que serían os orzamentos deste ano, con independencia de que logo de pechar os expedientes que se acaban de aprobar neste Pleno se fixeran os axustes correspondentes.

Contéstalle o alcalde que xa están traballando neles de xeito definitivo, que se falou cos concelleiros de xeito individual e terán que facer os axustes do que hoxe se aproba aquí para non ter que facelos a posteriori, por iso axiña recibirán copia do proxecto de orzamentos.

- O Banco de Alimentos do Noroeste solicitoulle colaboración ao Concello nun Festival Solidario no que tamén actuaba unha agrupación, Airiños de Fene. Semella que se lle ofertou ao Concello algunhas entradas para colaborar con este evento e se lles manifestou que non se ía colaborar, por que?

Contéstalle o concelleiro de Benestar Social e Igualdade, Joaquín Julián Ayala Garrido, que non lembra exactamente que xoves foi, pero un deles presentouse no Concello un home que representaba este evento que se ía facer na Coruña, esta persoa ofreceu ao Concello a merca de cen entradas para o sábado a cinco euros cada unha e el contestoulle que esa non era o mellor xeito de investir os cartos públicos e que aínda que participase un grupo de Fene, con iso non se xustificaba ese investimento. Ademais esta mesma persoa suxeriu que as entradas poderíanse distribuír a través do Concello para ir aquel sábado á Coruña a escoitar este evento. Dille que non lle pareceu prudente investir estes cartos neste tipo de eventos e lle dixo que non entraba.

- Saben xa as causas do por que se abriu un "boquete" entre as Pías e a rúa Vista Alegre, fronte á entrada da igrexa de Fene?

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que aínda se está traballando niso, descartouse que fose debido ás redes de sumidoiros ou de auga. Ten pendente mañá de visitar coa empresa que fixo as obras para ver se foi consecuencia das obras que se fixeron na zona.

- Rógalle ao alcalde que interveña e coordine, xa que é coñecedor de que se mandou, para facer traballos e obras menores a dúas empresas para o mesmo traballo. Pensa que as concellarías se deben coordinar e para iso esta o alcalde, para que non suceda que dúas empresas vaian facer o mesmo traballo.

- Roga a limpeza do polígono industrial Vilar do Colo.

- Roga que o Concello se implique un pouco máis nas actividades que fai. Di que é moi cómodo ceder os eventos a determinadas sociedades ou asociacións e poñer os cartos, pois así colabora calquera. Pensa que o Concello se debe implicar moito máis nunha serie de actos e eventos que se veñen realizando durante moitos anos e non limitarse a ser un mero medio de financiamento.

- Di que o mes que vén vai transcorrer un ano da chegada deste goberno e segue igual toda aquela problemática que se lle dicía sempre ao goberno do partido Popular sobre a contratación de empresas externas; dicíase que se ían facer bolsas e facer mil e unha cousas máis e non se fixo nada. Di que non é unha crítica, senón sinxelamente un rogo para que cumpran co dito. O seu grupo é consciente de que as empresas auxiliares tal e como está este Concello hoxe en día e como está o cadro de persoal son necesarias. Di que non é un tirón de orellas pero pregunta que cambiou para que as cousas sigan igual e aquilo que prometían non vaia cara adiante?

- Pediu a subvención para a limpeza de praias?

Contéstalle a concelleira delegada de Medio Ambiente, María Manuela Aguilar Prieto, que di que a subvención xa foi pedida e está concedida.

- Rógalle ao alcalde que coordine as concellerías porque imaxina que a relación de obras que se lle pasa á oposición na Comisión tamén se lle pasa ao alcalde para ir facendo un seguimento daquelas. Reitera o rogo, que xa fixo na Comisión, para que non se falte á realidade, que non se contem mentiras nestas relacións e non se poñan opinións subxectivas dunha persoa que afectan a outras, concretamente o di polas referencias a: "as numerosas deficiencias do proxecto elaborado polo PP que non se adaptaban á realidade física e ...", ao que di que o PP non fai proxectos. O PP gobernou este Concello durante catro anos e encargoulle informes aos técnicos, por tanto o goberno do PP non elaborou ningún proxecto.

Por outro lado na relación dise: "obra proxectada polo goberno anterior que deixou sen financiamento...", e sábese que é mentira, porque estiveron xuntos nunha reunión na Deputación na que había unha consignación orzamentaria e precisamente antes da remisión do proxecto do campo de fútbol do Maniños o Pleno da Deputación acordou xa a reserva de crédito para o financiamento desa obra. Por tanto, isto é unha mentira e unha falacia e esixe que se retire deste documento.

Por outro lado a relación di: "Renovación dos servizos e pavimento na avenida das Pías en Fene en Perlío, obra consensuada coas asociacións veciñais e parroquiais...", ao que di que é mentira, porque se as asociacións veciñais e parroquiais do Concello chegan a saber que se van investir na avenida das Pías máis de 350.000 euros se opoñerían, por iso isto non puido ser consensuado coas asociacións e o que foi é falado con Viaqua. Di que por responsabilidade do goberno que había antes solicitouse un proxecto precisamente para evitar males maiores, porque se sabe que por aí entra a conducción da auga que vai a Mugar dos, a Fene e a Ares e iso é unha obra importante que hai que facer, pero é un chiste que se poña que foi consensuada coas asociacións veciñais e parroquiais.

Contéstalle o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, respecto da relación de obras que non se poñen opinións particulares.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que contesata que este foi un rogo que lle fixo ao alcalde.

O concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, segue a contestar dicindo que pensa que non ten razón, que non son opinións particulares e son opinións que emite unha concellaría deste goberno baseadas en datos obxectivos todas e cada unha delas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di ao concelleiro delegado de Obras e Servizos que se son datos obxectivos llo ten que dicir ao seu alcalde. Di que esixe unha aclaración, que xa se lle dixo na Comisión e que se trata dun rogo. Engade que se este documento volve á Comisión así o seu grupo tomará as medidas oportunas porque tanto o alcalde como o Sr. Noceda saben sobradamente que houbo unha consignación

D-0
369
151
P-
F:
C

orxamentaria para ese campo e cando se fixeron co goberno da Deputación, estas partidas, como eran para os amigos houbo que suprimilas, pero menos mal que estaba o alcalde alí e falou coa vicepresidenta da Deputación, Goretti Sanmartín, para tratar de non anular as subvencións nominativas que se engadiron ao PAS. Di que esta é a realidade e non se poden contar mentiras.

Seguidamente intervén o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que por alusións dille ao voceiro do grupo municipal do PP que a realidade é que se a subvención á parte de consignada estivese o convenio asinado e os permisos tramitados polo goberno que presidía, non habería ningunha maneira de revocar esa consignación.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que lle di ao concelleiro delegado de Obras e Servizos que iso debe dicirlllo ao seu alcalde.

Prosegue a dicir o concelleiro delegado de Obras e Servizos, Antón Lois Noceda Carballo, que se iso pasou na Deputación é porque o seu goberno non tiña tramitados os permisos para tramitar o proxecto nin tiña asinado o convenio, responsabilidade de quen o xestionou.

A continuación fai uso da palabra o alcalde para dicir que el considera que esa relación de que se está a falar se axusta bastante á realidade.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 18.50 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas